



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2024 13:42:32

Entrada **25393**

## Sobre a instalación de banda ancha na parroquia de Cervás en

### Ares

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á dotación de banda ancha na parroquia de Cervás no Concello de Ares.**

Con data de 30 de xaneiro do pasado ano, o BNG rexistraba no Congreso unha pregunta ao Goberno (entrada 253528) referente á instalación de banda ancha na parroquia de Cervás no Concello de Ares, en que se destacaban os prexuízos derivados para as persoas e empresas dos núcleos desa parroquia que precisan deste sistema para desenvolver o seu traballo e actividade diaria.

Dentro das cuestións que se querían aclarar coa pregunta, figuraba a de informar das previsións para que, dentro do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (UNICO) impulsado polo Estado, se incluíse a instalación da banda ancha nos núcleos nos que nos estamos a referir. Pois no Programa figuraba un proxecto adxudicado a Movistar, que presuntamente tiña como obxectivo ampliar a banda ancha no concello de Ares, aínda que das consultas feitas co empresa non se concretaban prazos para achegar a banda ancha aos núcleos de Cervás que non dispoñen dela.

Na resposta á pregunta do BNG asegúrase que, no caso da provincia de A Coruña, están en marcha axudas por valor de 13.369.858 M€ a desenvolver en diversos concellos, entre os que figuran o de Ares. Mais o certo é que, a data de hoxe non existe información algunha ao respecto, manténdose a situación de illamento e discriminación dos núcleos de Cervás no acceso á banda ancha.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

14 MAY. 2024 13:42:32

Entrada **25393**



Alén do máis, na páxina do Ministerio para a Transformación Dixital figura un listado de proxectos de ampliación da cobertura de banda ancha aprobados para o ano 2023 –nos que figuran o adxudicado na provincia de A Coruña á empresa VENTO REDE S.L., cun orzamento de 5.893.398€- do que se descoñece se complementa ou substitúe ao anteriormente comentado.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. É consciente o goberno do mantemento da discriminación dos núcleos da parroquia de Cervás no Concello de Ares polo feito de non dispor de acceso á banda ancha e dos prexuízos a particulares e empresas de precisan deste servizo?
2. Figura a dotación deste servizo nos núcleos referidos no punto anterior dentro dos plans aprobados polo goberno dentro do Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión dentro da Convocatoria do Plan Único-Banda Ancha 2023?
3. De ser así, que prazos e investimentos están previstos para a execución dese proxecto?

Madrid, a 14 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la dotación de banda ancha en la parroquia de Cervás en el Concello de Ares.**

Con fecha de 30 de enero del pasado año, el BNG registraba en el Congreso una pregunta al Gobierno (entrada 253528) referente a la instalación de banda ancha en la parroquia de Cervás en el Concello de Ares, en que se destacaban los perjuicios derivados para las personas y empresas de los núcleos de esa parroquia que precisan de este sistema para desarrollar su trabajo y actividad diaria.

Dentro de las cuestiones que se querían aclarar con la pregunta, figuraba la de informar de las previsiones de que, dentro del Programa de Universalización de Infraestructuras Digitales para la Cohesión (UNICO) impulsado por el Estado, se incluyera la instalación de la banda ancha en los núcleos en los que nos estamos refiriendo. Pues en el Programa figuraba un proyecto adjudicado a Movistar que, presuntamente, tenía como objetivo ampliar la banda ancha en el ayuntamiento de Ares, aunque de las consultas realizadas con la empresa no se concretaban plazos para acercar la banda ancha a los núcleos de Cervás que no disponen de ella.

En la respuesta a la pregunta del BNG se asegura que, en el caso de la provincia de A Coruña, están en marcha ayudas por valor de 13.369.858 M€ a desarrollar en diversos ayuntamientos, entre los que figuran el de Ares. Pero lo cierto es que, a fecha de hoy, no existe información alguna al respecto,



manteniéndose la situación de aislamiento y discriminación de los núcleos de Cervás en el acceso a la banda ancha.

Además, en la página del Ministerio para la Transformación Digital figura un listado de proyectos de ampliación de la cobertura de banda ancha aprobados para el año 2023 –en los que figuran el adjudicado en la provincia de A Coruña a la empresa VENTO RED S.L., con un presupuesto de 5.893.398€- del que se desconoce si complementa o sustituye al anteriormente comentado.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. Es consciente el gobierno del mantenimiento de la discriminación de los núcleos de la parroquia de Cervás en el Concello de Ares por el hecho de no disponer de acceso a la banda ancha y de los perjuicios a particulares y empresas de necesitan de este servicio?
2. Figura la dotación de este servicio en los núcleos referidos en el punto anterior dentro de los planes aprobados por el gobierno dentro del Programa de Universalización de Infraestructuras Digitales para la Cohesión dentro de la Convocatoria del Plan Único-Banda Ancha 2023?
3. De ser así, que plazos e inversiones están previstos para la ejecución de ese proyecto?

Madrid, a 14 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**